



# BANDO

O ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE

## VALDOVIÑO

FAI SABER:

### FOGUEIRAS DE SAN XOAN E SAN PEDRO 2021

*DADA A SITUACIÓN SANITARIA NA QUE NOS ATOPAMOS E CÓ OBXECTO DE MANTER ÁS TRADICIÓN E Á SÚA VEZ CUMPRIR COAS MEDIDAS DE CONTROL E PROTECCIÓN DERIVADAS DA PANDEMIA DO COVID-19*

**I.-PODERÁN REALIZARSE FOGUEIRAS DE CARÁCTER TRADICIONAL NOS ESPACIOS PRIVADOS DOS NÚCLEOS RURAIS E URBANOS, PREVIA DECLARACIÓN RESPONSABLE, COAS SEGUINTES PRECAUCIÓN:**

- A) O aforo, medidas de distanciamento e control en cada lugar autorizado deberá de cumprir o establecido polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19
- B) Coma precaución deberá de manter unha distancia de seguridade de 25 metros de vivendas, vehículos, instalacións, tendidos eléctricos ou telefónicos, e zonas vexetais susceptibles de ser queimadas. Non se poden queimar residuos perigosos ou tóxicos. A altura máxima da fogueira será de 2 m.
- C) Previamente ó seu inicio, deberá facerse unha devasa mediante a eliminación manual o mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa axeitada rodeando o perímetro da luminaria. E se disporá có material e medios suficientes para o seu debido control.
- D) Non se poderá realizar a luminaria cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, sobre todo polo vento, ou se a Consellería de Medio Rural suspendera ás queimas nesa xornada.
- E) Non se poderá abandonar o lugar da fogueira mentres non estea totalmente **extinguído.**

**II.-PROHÍBENSE AS FOGUEIRAS EN CALQUER ESPAZO PÚBLICO E EN ESPAZOS PRIVADOS DE USO PÚBLICO (PARCELAS VINCULADAS NEGOCIOS DE HOSTALERÍA, ASOCIACIÓN, ETC.)**

**III.-SOLICITUDES:** Teléfono 981487041, ext.1.

Antes do día 23 de xuño ás 11:00 horas para a de San Xoán

Antes do 25 de xuño ás 12:00 horas para a de San Pedro

Os solicitantes deberán de expresar que coñecen ás condicións do Bando.

Valdovino, a 10 de xuño de 2021

O Alcalde

Alberto González Fernández

